

## PRÓLOGO

### NAUFRAXIO DO "JESÚS NAZARENO" - 18/7/1945

Despois de celebrar as Festas do Carme, saen para o mar sobre as dúas da madrugada do día 18 de Xullo os barcos boniteiros de Foz: Dominga, Jesús Nazareno, A Milagrosa, Santa María, Está Bien ..... Uns 10 ou 12 barcos.

Collen rumbo Norte, cara a Estaca de Bares. O bonito podíase pescar a poucas horas de travesía, 3 ou 4 horas. Aló á alba, sobre as 5 ou 6 da mañá, comezan a pescar. Era un bo día e o peixe abundaba. Pouco a pouco vaise notando a forza do sol e os mariñeiros xa notan a suor polo corpo, debido á forza que ían collendo os raios solares.

Chegado o mediodía, o Santa María para o motor. Os mariñeiros aproveitan para xantar. Era a época da post-guerra e había que aforrar combustible, xa que non era moi abundante. O Jesús Nazareno pasa ao costado do Santa María. Ía coa vela, para non consumir gas-oil. Avisan que saen un pouco máis para fóra.

Despois de xantar, os mariñeiros déitanse a durmir a sesta. Xa deitados, algún esperta debido ás moscas - molestas - que había no rancho, e sen tardar moito levántanse do catre. Cando soben á cuberta notan unha mareira, sen vento. Aquela situación era bastante alarmante. Inmediatamente avísase ao patrón e, coa confusión, notan a chegada do vento con moita cerrazón. Era unha GALERNA.

Coa rapidez que o caso precisaba, meten as varas do bonito, arrancan o motor e pónense en popa, rumbo a terra. Encontrábanse a altura da Estaca de Bares, a poucas horas da costa. Pouco a pouco van perdendo de vista a silueta do Nazareno debido á cerrazón. A súa vela ondeaba no horizonte, pero a visibilidade ía facéndose cada vez máis escasa.

Na travesía empezan a sospeitar de que ao Nazareno podíalle ir mal, xa que o temporal tomaba máis forza. O Santa María, a pesar da sospeita, non os podía valer xa que era moito o mal tempo que lles caía encima, e bastante tiñan con tratar de conseguir a costa.

O barco ven a sotavento e, avistado o Cabo de Burela, na faciana dos mariñeiros nótase unha sensación de alivio. Pouco a pouco alcanzan a costa. Mentres o tempo vai clarexando.

Sobre as 7 ou 8 da tarde arriba a Foz. Na vila non se notara o mal tempo, só unha brisa de terra, sen importancia. Por iso causa estrañeza a súa chegada, xa que saíran coa intención de botar uns 3 días no mar... e viñan ao día seguinte de saír.

Os demais barcos van chegando ao porto, e o pobo de Foz, ao ver a chegada dos mariñeiros, coa roupa empapada dos salseirazos, comezan a facerlles as preguntas destes casos: "que pasou?, e os meus, e os demais barcos? etc, etc."

Segundo atracaban os barcos as sospeitas do naufraxio ían en aumento. A Confraría de Pescadores de Foz empeza a contactar coas confrarías veciñas, Celeiro, O Vicedo,... Ningunha dá noticias do Jesús Nazareno. Practicamente, dáse por perdido. É A TRAXEDIA.

Ao día seguinte, 19 de Xullo, saen os barcos na busca do Jesús Nazareno, ou dalgún rastro que poida certificar o naufraxio. Había mal tempo. Sopraba o Nordeste. Non atopan nada.

Pasados 3 días do naufraxio, aparece o corpo de Ramón "de Benito" agarrado a un barril de auga. ¡Non sabía nadar!. É o único corpo que aparece.

A familia mariñeira focense vístese de loito. O mar cobraba 12 vidas. As bágoas e a tristura asoman non só na vida das 8 viúvas e dos 24 orfos, senón tamén en todo o pobo... e en toda a comarca. Quedou demostrado no funeral que polo seu eterno descanso tivo lugar na Igrexa Parroquial de Foz o día 28 de Xullo.

Aquel ano non se celebraron as festas de San Lourenzo.

Lector: Este é o relato do naufraxio do pesqueiro "JESÚS NAZARENO", recordado por varios tripulantes doutras embarcacións focenses, e que recollín no verán de 1995, 50 anos despois de ocorrido este triste feito. Sirva de homenaxe a aqueles homes que loitando polos seus, entregaron as súas vidas nas augas deste noso mar, creador de riquezas e ledicias as máis veces, ... creador de bágoas e tristuras, outras veces.

Na vosa honra:

JOSÉ RAMÓN FRAGA PÉREZ (Lacón)  
INOCENTE FRAGA PÉREZ  
RAMÓN FRAGA COUTO  
EDUARDO FRAGA COUTO  
JOSÉ MARÍA COUTO NAVARRO (Quere)  
RAMÓN LORENZO FERNÁNDEZ DOVAL (Legionario)  
EUGENIO BUSTAMANTE IZAGUIRRE (Laredano)  
JOSÉ MANUEL LÓPEZ POSADA (Pechereno)  
JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ RÍOS (Pisón)  
GERARDO E. PÉREZ GRADAILLE  
JOSÉ RAMÓN LÓPEZ FRAGA (Minés)  
JOSÉ OROZA PEDREIRA (Lagarexo de Fazouro)

Antón Niño Xullo - 1995

# MOTO PESQUEIRO JESÚS NAZARENO

*Por Xesús Basanta Martínez (Xesús do Breogán), xullo 2020.*

Corría o ano de 1945. Doce mariñeiros de Foz, saen á pesca do bonito. O barco chamado Jesús Nazareno pon rumbo ao norte, rumbo ao mar Cantábrico. Atrás queda Foz, o seu porto base. A partir do mediodía comeza o mar a poñerse bravo, pero o Jesús Nazareno está a seis horas da costa. Procuran escapar do temporal que cada vez vai a máis e ata chegar a galerna. Poñen motor e vela para chegar canto antes a terra, pero o impulso do barco en vez de subir a onda que lles ven, atravesaa e xa non volve á superficie. Tanto o barco como os mariñeiros vanse a pique. Os mariñeiros resgardados no camarote non poden saír e sérvelles de tumba. Doce homes mortos, cinco deles, membros dunha mesma familia. A maior traxedia da historia de Foz que nos marcaría de por vida.

O pesqueiro Jesús Nazareno foi construído nos estaleiros Artime-Gutiérrez (El Dique de Luanco en Asturias). Os planos foron feitos polo mestre carpinteiro de ribeira José Ramón Gutiérrez González, propietario do estaleiro. O barco foi encargado en 1933 e botado en 1935.

Era un tipo de embarcación moi propia do Cantábrico dos anos 30 e 40 do pasado século XX. Tiña 13 metros de eslora, 2,50 metros de manga e 1,30 de puntal. A propietaria sería María Pérez Marful, nai do patrón Ramón Fraga Pérez, que a matricularía co nome de Jesús Nazareno.

O Jesús Nazareno tivo varias reformas na súa historia. Nun principio o pesqueiro non levaba motor, era a remo e vela. Tempo despois, quixeron poñerlle motor a gasolina, polo que tiveron que darlle algo de máis calado a popa para incorporarlle unha pequena hélice. Despois aumentóuselle maga e puntal para poñerlle a cuberta e finalmente a caseta de goberno que se lle puxo máis tarde.

Ao final levaba tamén dous camarotes, un a proa e outro a popa e unha pequena adega para o peixe o cal antes ía tirado na cuberta.

Pero aproveitando a ocasión, quero facer unha lembranza dos estaleiros ARTIME Y GUTIÉRREZ (El Dique de Luanco), fundados en 1900, xa que recibín de Toño Cuervo, gran estudoso da historia local de Luanco - Gozón (Asturias), un resumo moi curioso destes afamados estaleiros. Cito textualmente:

*“En El Dique se construyeron (según datos recogidos en los libros de matrícula), más de un millar de embarcaciones de pesca de hasta 20 tm. (botes, lanchas mayores, traineras, vaporas, merluceras...), siendo demandadas por su calidad por armadores de todo el Cantábrico.*

*En la década de 1930, tenían actividad en El Dique dos astilleros distintos, muy próximos entre sí:*

*-Astilleros “ANSELMO ARTIME E HIJO”, ubicado en la zona más próxima al mar.*

*-Astilleros “ARTIME Y GUTIÉRREZ” en la parte más interior.*

*Este segundo astillero, que construyó el pesquero Jesús Nazareno para Foz (Lugo), estaba dirigido por José Artime Mori y por su cuñado José Ramón Gutiérrez*

*González (conocido popularmente en Luanco, como José Ramón de la Pintora), denominándose el astillero con el primer apellido de cada uno de ellos.*

*Construyeron todo tipo de embarcaciones de pesca (en especial traineras y vapores), de recreo (entre ellos, distintos botes para el parque del Retiro, en Madrid) y de cabotaje (como el Isla de Cortegada, de 32 m. de eslora, 7 de manga, 3 de puntal y más de 200 tm).*

## **SAÍDA AO MAR E NAUFRAXIO DO JESÚS NAZARENO**

**Era luns, día 16 de xullo de 1945. Os mariñeiros de Foz celebran a festividade da Virxe do Carme, a súa patroa. Daquela a procesión da Virxe do Carme facíase por mar cando a marea o permitía. Os mariñeiros do pesqueiro Jesús Nazareno póñense de acordo e falan co cura para pedirlle permiso e levar nesa procesión a imaxe de Xesús de Nazaret por ser ese o nome do seu barco.**

**Permiso concedido e sacan a Xesús de Nazaret en procesión, da igrexa ao barco a ombros e despois da procesión por mar, de volta á igrexa tamén a ombros.**

**Pero teño ante min un libriño das festas do Carme dese mesmo ano, que me apetece compartir con vós e vouvos a poñer o programa de festas completo (sen anuncios, claro está). Curiosamente, celebrábase como romaxe no Prado de Ramos como imos comprobar.**

**O libro comeza cun texto anónimo dedicado ás festas e di así:**

### ***LA ROMERÍA DEL CARMEN Y EL MAR DE FOZ***

*Nada más absurdo que festejar a la Patrona de los marineros tierra adentro o sobre una montaña, pudiendo honrarla a la vera de la costa, mientras se riza el caracol de las olas y la tiembla, como una piel fina, la epidermis del agua. A la Virgen del Carmen pueden y deben elevarse las oraciones y lo ojos en todas las latitudes, pero un pueblo como el de Foz, pescador y marinero, la siente más en la línea del litoral, cara al Cantábrica hosco y ceñudo, frente a los surcos que abren en las parcelas del mar las quillas de las embarcaciones. En el mar está nuestra vida y nuestro porvenir, en el mar brillan los reflejos verdes de la ilusión; en el mar se agazapa y acecha la desesperanza de los días estériles y el dolor de las mortajas y los naufragios. Y en el mar es donde se abre, ilimitado, el campo milagroso de la sagrada Virgen del Carmelo. Y ese mar, que es el imán de nuestras horas y la caja de resonancia de nuestro presente, se palpa con las manos y se absorbe con las pupilas desde el pintoresco Prado de Ramos, península que se alza como un centinela (frente a frente de la de San Bartolomé) escoltando la entrada de nuestra ría encantadora.*

*Mar abierto y espacioso aspiran nuestros pulmones desde este Prado estratégico y sugerente, escenario magnífico para esta romería del Carmen que invita a respirar el yodo de las algas, rociar el espíritu con la sana alegría, alegrar los sentidos con un frenesí del baile y disfrutar al aire libre (en contacto desnudo y directo con la naturaleza) el copioso yantar del día del Patrón. Ningún lugar más adecuado para el esparcimiento y el vuelo juvenil de las ilusiones, que esta mariñana pradería verde, que es aún al mismo tiempo atalaya, mirador y campo propicio para las gaiterías, los cohetes y el bullicio romero. La contemplación del mar universaliza los sentimientos, les imprime una dimensión eterna como el ritmo de las olas. Sentir la gaita, mientras la resaca se macera frente a las peñas, es cultivar lo más entrañable de la conciencia regional, eternamente enamorada de las sirenas, de las playas ocreas y de las*

*caracolas. Y frente al mar, el Prado de Ramos nos ofrece con su aterciopelado y verde tapiz, la otra proyección esencial de Galicia: lo campesino lo eglógico, la visión de la tierra que empapa el sudor cotidiano. Pero hoy (día de la romería del Carmen) la tierra es para nosotros una pradera alborozada donde beber y cantar y vestir el alma con el optimismo de la Fiesta. Y prometer que todos los años volveremos a revivir el día de hoy entre músicas y algazaras, siempre teniendo como marco de paisajística belleza el insustituible Prado de Ramos.*

Acto seguido, ten unha presentación da Comisión de Festas que di:

*“La Sociedad Deportiva Focense por encargo de los marineros de la villa de Foz organiza los festejos en honor a la Virgen del Carmen, su Excelsa Patrona y Reina de los Mares”.*

A continuación unha dedicatoria dos mariñeiros:

*“Los marineros de la villa de Foz, dedican con cariño este programa a todos aquellos que desinteresadamente prestaron su apoyo y colaboración, porque Foz vuelva por sus tradicionales Fiestas del Carmen”.*

Acto seguido, aparece o programa que di:

*“Programa de Fiestas, día 15.-*

*Anunciada debidamente por medio de salvas, dará comienzo la apoteósica VERBENA en la Plaza de Calvo Sotelo, engalanada e iluminada artísticamente, que se prolongará hasta la madrugada”.*

*“Día 16: La llegada del día se dará a conocer en forma estruendosa.*

*A las diez de la mañana diana por la Banda Municipal Ribadense.*

*A las once en la iglesia parroquial: MISA SOLEMNE cantada por un afinado coro acompañado de orquesta.*

*Seguidamente: procesión de la Santísima Virgen del Carmen presidida por las Autoridades y Jerarquías por el barrio de pescadores hasta el Campo de la Cabana en cuyo lugar se instalará el altar del Carmen.*

*Por un grupo de jóvenes se cantará la Salve a la Virgen”.*

**Continúa o programa:**

*“A las 12,30.- Terminarán los actos religiosos, se trasladará la Banda al Prado de Ramos interpretando serenatas y cánticos regionales.*

*A la 1,30.- En el Prado de Ramos y como aperitivo, se ejecutará espléndido programa.*

*Un alto en el camino y que les aproveche.*

*A las 4 de la tarde.- EMOCIONANTE PARTIDO DE FÚTBOL*

*Contendrá con el once local el (aquí á imprenta algo lle faltou de poñer).*

Finaliza o programa:

*“Todos al campo a pasar una tarde agradable.-*

*Seguidamente la citada Banda de música amenizará con modernos bailables la Romería que comenzará en su esplendor.*

*A las 10,30.- En la plaza Calvo Sotelo se dará fin a la Romería del Carmen con un tiro de potentes bombas y música ligera.*

*A las 12.-Monumental Verbena en la plaza arriba indicada amenizada por la referida Banda, durante la cual tendrá lugar la*

## **SEGUNDA SESIÓN DE FUEGOS ARTIFICIALES**

*Con un sin número de voladores en diversos colores y efectos.*

*Como final se procederá a la quema de la rosa de fuegos”.*

*NOTA: Con relación ao que o programa indica de que se celebraban as festas na Praza Calvo Sotelo, debo dicir que ese lugar era o que agora é a Praza Conde de Fontao, aínda que daquela época, a Avda. Calvo Sotelo era a que agora de lle chama Valle-Inclán (que vai da Casa da Cultura ao peirao), que esa tal Praza Calvo Sotelo, en realidade sempre se lle chamou “A Rambla”.*

Ramón, o patrón quer saír ao mar ó día seguinte das festas, pero os mariñeiros que son supersticiosos, róganlle de non saír ata o día seguinte, día 18, pois o día 17 de xullo, resultaba ser martes, e por iso de “martes non te cases nin te embarques”, o patrón acepta a petición dos seus mariñeiros.

O día 18 de xullo mércores, están case todos os mariñeiros do Jesús Nazareno no peirao, dispostos a saír ao mar. Eran 14 homes, pero dous non irían a esa costeira, un porque encontrou traballo nunha canteira, posiblemente a canteira de onde se extraeu a pedra para a construción das Casas Baratas, ditas canteiras que eran dúas, unha estaba en Rego de Foz, onde hoxe está o edificio Costa Blanca e a outra, estaba en Porto, a poucos metros da capela de San Brais en Vilaxoane. E o outro mariñeiro, porque encontrou traballo nas obras do ferrocarril da Costa.

Cabe destacar, que un dos mariñeiros que esperaba con impaciencia a saída do barco no peirao, era José Ramón López Fraga, máis coñecido por “Minés”, é o benxamín dos doce mariñeiros, ten tan só quince anos e o verán anterior, foi o campión de natación no peirao de Foz, concurso celebrado co gallo das festas patronais.

A familia de “Minés” non está moi convencida de que o seu fillo vaia ao mar tan neno, pero el insiste en que así terá uns cartos para poder gastar nas festas patronais de San Lourenzo e ao tempo, podería estrear un traxe de mahón que todo ilusionado quería encargar.

Á primeira hora do amencer, o Jesús Nazareno cos doce homes a bordo faise ao mar.

Era a unha da tarde. Máis ou menos a seis horas da costa hai mar de vento, pero aínda non chega a ser grosa. O Jesús Nazareno deixa detrás de si a outros dous barcos, o Carmen e o Santa María, dous barcos tamén de Foz. Ramón, o patrón, ten gran experiencia no mar desde a súa infancia e observa que o mar se vai poñendo bravo e cada vez peor a pesar de estar en pleno verán. Mellor dar a volta pensa, e o Jesús Nazareno pon proa a terra. Pero xa é tarde, están collidos no

medio e medio dunha impresionante galerna. O Jesús Nazareno intenta forzar a marcha para chegar canto antes á costa e poñen motor e vela, esta para que lle axude ao motor a avanzar máis rápido. Pero aí está o peor, as boniteiras ou “varas”, como habitualmente se lles chama en Foz, afúndense na auga e o barco perde toda a súa estabilidade. En cuestión de segundos, o mar traga barco e homes que posiblemente vaian agachados nos camarotes, fuxindo da auga da choiva e dos golpes de mar, todos menos un, Legionario, que máis adiante falarei del.

En Foz, xa se teme o peor. O Jesús Nazareno non chegou a porto. Os tripulantes do Carmen e os do Santa María confesan habelos visto, pero que o perderon de vista en pouco tempo. Foi pouco antes da borrasca.

Xoves 19 de xullo de 1945. Todo Foz está pendente do Jesús Nazareno, pero nin hai o máis mínimo asomo, nin do barco nin dos doce tripulantes. Os malos presaxios van enchendo de pesimismo os angustiados corazóns das xentes de Foz.

As autoridades de Mariña telefonan a tódolos portos do litoral español e das costas de Francia e Inglaterra, pero non hai nin rastro da embarcación.

Luns 23 de xullo de 1945. Ás cinco da tarde, por fin, recíbense malas noticias do porto asturiano de Candás. Cipriano Aramendi, presidente da Confraría de Pescadores “Nuestra Señora del Rosario” dese porto asturiano, é o voceiro por vía telefónica o que comunica que nese porto, apareceu a cuberta da escotilla do Jesús Nazareno. Tal noticia corre como a pólvora por todo Foz. Tanto focegos como turistas reciben o cruel mazado: a desaparición do Jesús Nazareno, e con el o seus doce tripulantes..

Se a noticia é cruel e lle fai estremecerse ata as almas menos sensibles, e se esta noticia aporta a morte de doce homes de Foz, hai que destacar o horror que puido vivir Severina Couto Navarro e a súa familia, pois dos doce desaparecidos no naufraxio, cinco son membros dunha mesma familia, a familia de Severina, a muller de Ramón o patrón que perdeu ao seu home, a dous dos seus fillos, a un irmán e a un cuñado. Moi forte ten que ser o ser humano para soportar tanta dor e tanto peso.

Ese mesmo día 23, constitúese unha comisión formada por representantes do Concello, Pósito de Pescadores, da Sociedade de Socorros Mutuos, Autoridade Local da Mariña, Cura Párroco, Comandante Militar e Xuíz Municipal. Trátase de organizar unha subscrición a favor das familias das vítimas. Encabézaa o Pósito con 12.000 pesetas, o Concello aporta 8.000 pesetas, a Sociedade de Socorros Mutuos con 3.000 pesetas. Nos seguintes días a subscrición aumenta considerablemente, a solidariedade dos focegos faise notar.

Día 25 de xullo, día de Santiago Apóstolo e patrón parroquial de Foz, o xornal provincial El Progreso, publica unha enorme necrolóxica a todo o ancho de páxina cun recadro de 2 centímetros de grosor. Pero hai que ter en conta que as páxinas de El Progreso naquela época, non eran as de hoxe, pois aquela necrolóxica medía, 37 centímetros de longo, por uns 20 de ancho.

Na necrolóxica dicía: El Ayuntamiento, la Cofradía de Pescadores, la Sociedad de Socorros Mutuos, “y demás autoridades de la Villa de Foz” convocan “al vecindario de esta villa y comarca, así como a los miembros de las Cofradías del litoral lucense” al funeral que se ha de celebrar el día 28. Na necrolóxica aparecen os nomes dos

doce mariñeiros desaparecidos, e debaixo dos nomes, unha lembranza “*dieron su vida en el cumplimiento de la cotidiana labor.*”

## DOCUMENTO MUNICIPAL

Nun documento do Concello de Foz, e escrito á man, fai reflectir a necesidade de aprobar por unanimidade o importe que lle doarán ás familias dos náufragos, porque no caso de non ser levado a aprobación, podería o Concello incorrer nun delito. Por este documento tamén podemos observar que vinte e dous meses antes deste terrible naufraxio, morreron en Foz, tres mariñeiros máis.

O escrito di así: “*Suscripción náufragos: Manifiesta el señor Alcalde que según figura en la convocatoria, los asuntos a tratar eran proceder a la aprobación del acuerdo de contribuir a la suscripción abierta por este Ayuntamiento para socorrer a las familias de los náufragos del pesquero “Jesús Nazareno”, y dice que en reunión celebrada el domingo último por los señores concejales de Foz, él acordó en principio abrir dicha suscripción y contribuir a la misma con ocho mil pesetas (corenta e oito con cero oito euros), y la Corporación, previa y detenida deliberación, acuerda aprobar dicha propuesta y que por la Comisión de Hacienda, se estudie la forma de habilitar crédito suficiente a modo de transferencia.*”

*Advierte el secretario que el acuerdo que a propuesta de la Alcaldía adopta la Corporación es digno de alabanza por sentar un precedente de amor al prójimo desvalido, cuales son las víctimas del naufragio ocurrido en nuestro puerto de cuyas magnitudes no se recuerda otro y advierte, debe el Ayuntamiento y debemos todos, acudir en ayuda de estos desamparados, extendiendo los beneficios de esta suscripción a las familias de los tres náufragos del pesquero “Eladina” padres de familia pobres también, y no menos sentidos, ocurrido hace unos veintidós meses; y, por lo que respeta a este caso, también a la dueña de la embarcación, viuda, pobre y anciana que según es de todos conocido, queda en situación ruinoso a su avanzada edad y con nietos huérfanos menores a su cargo.*

*El Sr. Alcalde explica que existiendo una comisión encargada de la suscripción no considera pertinente necesario sugerirle nada que se relacione con la aplicación de lo recaudado, por lo cual entiende no es oportuna la advertencia del secretario.*

*Con lo cual y no siendo otro el objetivo de la reunión se dio por terminada la reunión firmando los señores concejales de que certifico”. Asinado por Francisco Maañón Couto (Paco Maañón) e dez concelleiros máis.*

A empresa focega Damián López de Castro Ferrería (DALO), asentada na parroquia de Vilaronte, aporta unha considerable suma de cartos doados pola súa empresa para cada familia, cuxo importe detállase por escrito, por orde da dirección da empresa:

As cifras que DALO aporta para cada familia, e que supoñemos que sería polo número de fillos. Familias de: José Ramón Fraga Pérez (Lacón), 46 anos e 10 fillos; 1.275,75 Ptas. (7,66€). Inocente Fraga Pérez, 33 anos e 4 fillos; 1.090,90 Ptas. (6,55€). Ramón Fraga Couto, 25 anos, sen fillos; 636,35 Ptas. (3,82€). Eduardo Fraga Couto, 16 anos, 636,35 Ptas. (3,82€). José Oroza Pedreira (Lagarexo), 37 anos e 2 fillos; 727,30 Ptas. (4,37€). José Antonio Rodríguez Ríos (Pisón), 35 anos e 1 fillo, 545,45 Ptas. (3,27€). José Manuel López Posada (Pechereno), 41 anos e 1 fillo; 545,45 Ptas. (3,27€). Eugenio Bustamante Izaguirre (Laredano), 36 anos e 4 fillos; 1.454,50 Ptas. (8,74€). Ramón Lorenzo López Doval (Legionario), 51 anos e



3 fillos; 1.273,75 Ptas. (7,65€). José Ramón López Fraga (Minés), 15 anos; 1.090,90 Ptas. (6,55€). Gerardo E. Pérez Gradaille (Vivero), 35 anos; 363,65 Ptas. (2,18€) e finalmente, José María Couto Navarro (Quere), 24 anos; 363,65 Ptas. (2,18€). Total 10.000 pesetas (60,10€). Todo este texto está escrito á máquina.

No documento expedido por Damián López, podemos observar na parte esquerda de abaixo, uns datos escritos á man por unha familia é que din o seguinte: “Donativos recibidos, 1.090,90 Ptas. (6,55€) de Damián López (Dalo). 2.500,00 Ptas. (15,25€) de Mutualidad de Accidentes de Mar. 442,50 Ptas. (2,65€) do Sr. Gobernador e 40,00 Ptas. (0,24€) do Sr. Boado. Total 4.073,40 Ptas. (24,48€)”.

Pola parte de atrás dese recibo, aparece escrito tamén á man, un pago que se fixo grazas a esas axudas económicas. Non só faltaban as vidas dos seres máis queridos, faltaban tamén, aqueles que traían o pan á casa.

Pasan os días e os comentarios sobre do naufraxio son o único que existe nas bocas dos habitantes de Foz, doce veciños mortos, cinco dunha mesma familia e case todos residentes na mesma rúa, á que anos máis tarde o alcalde José María Beltrán Veiga lle poñería nome, rúa Jesús Nazareno, o nome do barco afundido.

Diciámos anteriormente, que posiblemente tódolos mariñeiros irían agochados nos camarotes, fuxindo da auga da choiva e dos golpes de mar, todos menos un “Legionario”.

Ramón Lorenzo Fernández Doval, era máis coñecido en Foz por “Legionario”, por haber cumprido co servizo militar na Lexión Española. Tiña 51 anos, e deixou muller e tres fillos.

Dos 12 desaparecidos no Jesús Nazareno, “Legionario”, foi o único que apareceu, e foi á altura da praia de Rueta do Concello de Cervo. Encontrouno un barco de Burela, o Reina del Mar ao terceiro día do naufraxio. “Legionario”, estaba aferrado a un barril dos que usaban para a auga doce, do que, por certo, deu moito que sacar, por estar moi teso o cadáver. O seu reloxo estaba parado nas cinco, polo que se supuxo, que o reloxo se parou co contacto da auga salgada do mar, e que puido ser máis ou menos a hora en que o Jesús Nazareno se afundiou.

Compre destacar, e me supoño polo que levo escoitado sobre “Legionario”, que podería sufrir de claustrofobia, pois nunca baixaba ao camarote baixo ningún concepto, chovera o que chovera, de aí, que cando o barco se foi a pique, el por estar na cuberta, aferrouse a un barril e foi a razón pola que o cadáver apareceu. Posiblemente morreu de hipotermia.

Tamén temos a “O Laredano”, alcumado así por ser de Laredo en Cantabria. Chamábase Eugenio Bustamante Izaguirre, pero resulta que en tódolos textos que levo lido sobre o Jesús Nazareno, o seu segundo apelido aparece cunha “E” diante, ou sexa, Eizaguirre. Comentábame un dos seus fillos, Jesús Bustamante Oroza, que non sabía a que se debía que lle engadiran esa “E” a seu pai. Eu coido que se debe, porque antes nos xulgados entre o primeiro apelido e o segundo, poñíanlle un “y” grego, por exemplo: Rodríguez y López ou Fernández y Martínez, pero pola norma ortográfica, cando a seguinte palabra comezaba por “I” latino, en vez de “y” grego, poñíaselle “E”, por exemplo: Rodríguez e Iglesias ou Vázquez e Insua. Ao poñer neste caso o de Eugenio Bustamante e Izaguirre, acabaron xuntándolle o “E” co “I” e quedou como Eizaguirre nas voces populares, pero non rexistrado deste xeito no xulgado.

Bustamante casou en Foz con Dolores Oroza Doeijo, irmá de Manuel o popular sancristán de Foz.

Eugenio Bustamante Izaguirre “O Laredano”, formou en Foz un coro, quizais tan so para correr o Entroido a principios do século XX, pois este home, tiña coñecementos básicos de solfexo.

Recorremos ao libro “Foz: o mar e as xentes” de Suso Fernández, o noso Cronista Oficial, e dinos o seguinte con relación a Bustamante: *“Das numerosas charangas, murgas e coros que ao logo dos anos saíron á rúa polo Entroido, o máis recordado é sen dúbida o que no ano 1933 dirixía Bustamante “O Laredano”. Posiblemente que o feito que o director e un dos seus compoñentes, Inocente Fraga, foron algúns anos despois dúas das vítimas do naufraxio do Jesús Nazareno, fixo que na memoria popular quedase especialmente fixado o seu recordo.*

*Ademais deles formaban o coro: Ramonela, Elisa de Telmo, Elisa da Madrileña, Tanana, Chingla, Pachochó, Antonio de Alicia, Tragamares, O Nembrudo, Rabiño, Pérez, Pepe do Barbeiro, Esteban de Castro e Lisardo Cao.*

Podemos dicir e con toda seguridade, que esta gran desgraza converteuse á vez en todo un símbolo para Foz. Coido que xamais na historia do noso pobo se celebrou a festividade da Virxe do Carme, sen que se lembrara a figura do pesqueiro Jesús Nazareno e os seus doce tripulantes.

Penso tamén, que nunca se fixo un pregón no que non se mencionara polo menos no máis mínimo ao pesqueiro Jesús Nazareno. Foi, é e será o emblema da historia do mar de Foz, desde aquel 18 de xullo de 1945, e ata compre destacar, que nove anos máis tarde, cando a Confraría de Pescadores encarga unha imaxe moi explícita da Virxe do Carme aos talleres Rivas de Santiago de Compostela, o autor do bosquejo José Rivas Fernández, parecía recibir orde divina ou do máis alá, para recrear tal imaxe da Virxe, a cal se representa salvando a uns mariñeiros dunha galerna.

## LEMBRANZAS E HOMENAXES MÁIS DESTACADOS

Indiscutiblemente que a homenaxe máis destacada que se lle realizou aos tripulantes do Jesús Nazareno, foi aquel funeral pola súa alma celebrado o día 28 de xullo de 1945, ao que acudiron autoridades, familiares e todo o pobo de Foz. E digo máis destacada por poder estar presentes no acto, tódolos familiares dos desaparecidos.

As homenaxes ao pesqueiro Jesús Nazareno e á súa tripulación, sucédense cada ano. Recordemos que dixemos, que sobre dos anos sesenta do pasado século, o entón alcalde José María Beltrán Veiga, púxolle nome á rúa onde vivían case todos os mariñeiros desaparecidos: Rúa Jesús Nazareno.

O 16 de xullo de 1985 e ao cumprirse corenta anos do fatal desenlace, a Comisión de Festas dedicalle unha homenaxe colocando unha placa de mármore xusto a carón da placa que leva o nome de rúa. Nesta placa consta a seguinte inscrición: *“16 – 7 – 85. A la memoria de los tripulantes del Pesquero –Jesús Nazareno- que naufragó el 18 de Julio de 1945”.*

Unha nota de prensa de El Progreso de 19 de xullo dese ano de 1985, publicada co gallo desa homenaxe, dinos o seguinte, cito textualmente: *“Una misa en memoria de*

*los naufragos del bonitero Jesús Nazareno, el mismo día en el que se cumplía el sesenta aniversario de su hundimiento, cerró el programa de las fiestas del Carmen de Foz. El acto religioso, celebrado a las ocho de la tarde, no fue el único dedicado a la memoria de los naufragos, ya que el sábado, después de la procesión de la Virgen, se depositó un ramo de flores junto a la placa de la calle de la localidad que lleva el nombre de la embarcación.*

*Los organizadores de los festejos también elaboraron una reproducción del Jesús Nazareno en la alfombra floral que cubría la zona del puerto donde se hace la ofrenda a los naufragos. Algunas personas que representaron al municipio en un concurso de confección de diseños florales celebrado en Italia se sumaron a esta iniciativa.*

*La eucaristía de ayer fue cantada por el coro parroquial y oficiada por el cura Antonio Domínguez. Entre los asistentes se encontraban integrantes de la comisión de fiestas y autoridades locales.*

*El bonitero Jesús Nazareno se fue a pique durante una galerna que le alcanzó cuando se encontraba cerca de la Estaca de Bares. El pesquero tenía una avería en el motor, por lo que no le dio tiempo a buscar refugio en tierra. En el siniestro perdieron la vida los doce tripulantes del bonitero”.*

**Año 1991.** Xurde un dos primeiros libros dedicados a Foz e a súa historia: “FOZ”, unha Guía Everest do cronista oficial Suso Fernández, no que consta un breve relato sobre o afundimento do Jesús Nazareno e a desaparición dos seus 12 tripulantes.

O día 16 de xullo de 1995 e cando se cumpre o cincuenta aniversario do naufraxio do barco, un dos centros florais das alfombras de flores que se realizan nas rúas mariñeiras de Foz, foi elaborada e dedicada ao pesqueiro no que destacaba unha ben parecida silueta do barco, e na parte superior unha rotulación na que rezaba “50 Aniversario”, e na parte inferior o nome do barco, Jesús Nazareno.

Ese mesmo ano de 1995, e coa celebración do 50 aniversario do naufraxio, a poetisa local Olímpia Pérez Gómez, dedícalle un poema, que tres anos máis tarde, formaría parte con outros poemas desta autora, dun libro poemario titulado “Foz, en el recuerdo”.

Pasamos ao ano 2000, cambio de milenio. El Progreso de Lugo saca un coleccionable por fascículos distribuídos en tres tomos. Titúlase “Lugo XX, Historia de un Siglo”. No tomo II, páxina 737, e que ben a ser a portada do propio fascículo e primeira páxina do apartado que se corresponde ao ano 1945, titula “Se hunde la motora Jesús Nazareno”. Trae un resumo extraído do mesmo periódico publicado o día 25 de xullo de 1945, sete días despois da traxedia.

Pero na páxina 751, onde amplía máis o artigo de prensa dese día 25 de xullo de 1945. Ao final do artigo ten unha nova e que a vou a reproducir, cito: “*Como homenaje de despedida a los naufragos del Jesús Nazareno, el pueblo de Foz organizó en su honor un solemne funeral en la iglesia parroquial de Santiago, al que asistieron representantes de los Ayuntamientos de Ribadeo y Viveiro, el gobernador civil, el subcomisario del Instituto Social de la Marina, delegado provincial del Trabajo, que representaba al Ministerio, del que traía la especial misión de visitar personalmente a las madres, viudas y huérfanos de los fallecidos.*”

*Les expresó su más sentido pésame y les hizo entrega de la suma de treinta y seis mil pesetas (216, 36 euros), que el ministro envía como primer donativo.*

*Tres meses después del naufragio, se reunieron en Foz el gobernador civil, el delegado provincial de Trabajo, el subjefe provincial de Falange, el delegado provincial del Frente de Juventudes, el obispo de Oviedo, administrador apostólico de Mondoñedo. En el cine Cageao se celebró un acto de estética falangista en el que se repartió el importe de la subscripción a favor de los familiares de las víctimas del accidente de la motora Jesús Nazareno.*

No ano 2003, quen isto escribe, saquei á rúa un primeiro libro, tamén sobre historia de Foz, titúlase “Foz: historias, contos e lendas”, no que tamén fago una referencia sobre desta traxedia.

No programa de festas de 2005, con foto da imaxe da Virxe do Carme e o pesqueiro Jesús Nazareno. Recordámolo no seu 60 aniversario.

Nese mesmo ano de 2005, un bo debuxo do barco cos seus tripulantes, lémbraos de novo ao Jesús Nazareno no seu 60 aniversario, cun significativo titular: “60 anos no corazón de Foz”. Este centro foi colocado no peirao, exactamente no punto onde se fai a ofrenda a tódolos náufragos.

Seguindo co ano 2005, temos outro libro do Cronista Oficial, Suso Fernández, “Miscelánea Focense”, no que tamén trata os acontecementos deste naufraxio.

Tamén nese ano de 2005, a Delegación de Costas, subvencionalle ao Concello de Foz uns atrís ou carteis para colocar por toda a costa de Foz, coa recuperación toponímica de todo o noso litoral. Ese traballo fíxeno eu e nel incluí: Flora, fauna, historia, lendas, xeoloxía, refraneiro do mar de Foz e naufraxios. Na zona de As Figueiras colocouse un destes atrís dedicado aos náufragos e ao pesqueiro, pero as xentes de mal vivir, xentes sen leis nin patria, asina se encargaron de facelos desaparecer. Imaxinádevos se eran traballadores estes golfos, que nalgúns ata arrancaron a pedra de granito no que foron colocados e que pesaba 200 quilos. Colocouse no primeiro tramo Rapadoira – Llas, no ano 2006

Pasamos ao ano 2011, o ferrolán Fernando Couce constrúe unha maqueta do Jesús Nazareno para regalarlla ao Concello de Foz. Faise un recibimento homenaxe da maqueta no CENIMA, e unha exposición. A comisaria da exposición Silvia Fiallega e eu, navegamos por Foz á busca de fotos dos náufragos e documentos, para enriquecer e ampliar a homenaxe exposición. Incluso Silvia Fiallega localizou mariñeiros que construíron maquetas ou réplicas de barcos, que moi amablemente cederon para completar a mencionada exposición.

Ao remate da homenaxe, lense tres poemas dedicados ao pesqueiro Jesús Nazareno, compostos por distintos autores.

O primeiro poema que se le, é o composto precisamente por un dos familiares dos cinco desaparecidos dunha mesma familia. No poema recorda o nivel familiar que tiña con eles e o seu apelido tamén o di todo, é descendente do patrón. O poema foi escrito por José Ramón Fraga López (Caxé), que máis tarde, no 2012, aparecería publicado no seu libro de poemas titulado “Ausencia presente”.

## A TRAXEDIA DO JESÚS NAZARENO

*“En memoria dos náufrago do Jesús Nazareno e en especial aos da miña familia”.*

**O poema di así:**

**Un dezaeito de xullo  
do ano corenta e cinco,  
falta un barco de Foz  
por unha galerna afundido.**

**Sáíron gañarse a vida  
como sempre eles fixeran,  
ían en busca do bonito  
estaban en plena costeira.**

**A poucas horas de partir  
xa pescando, en faena,  
sorpréndeos unha borrasca  
no mar chamada “galerna”.**

**Esperando chegar a porto  
puxeron proa para terra,  
governaba o barco Lacón,  
pero puido máis a traxedia.**

**Doce homes do noso pobo,  
doce vidas que fuxiron,  
e un montón de familias  
co seu corazón partiron.**

**Oito viúvas angustiadas,  
vinte e catro orfos novos,  
xuntos, coa xente de Foz  
romperon en mil choros.**

**O avó Ramón era o patrón  
dous tíos meus o acompañaban,  
un tío e un primo do meu pai  
parte da tripulación formaban.**

**Sete veciños máis do pobo  
o rol do buque compoñían  
Jesús Nazareno era o barco  
da traxedia xamais esquecida.**

**Vaia nas súas memorias  
este poema que escribo,  
que as que as futuras xentes de Foz  
recorden o acontecido.**

**O segundo poema, está escrito en castelán. Lino eu mesmo, e é un poema de Manuel Villamil Seijas, foi publicado o día 4 de agosto de 1945, no periódico local Riberas del Eo, que se editaba en Ribadeo.**

**Y AÚN DICEN QUE EL PESCADO ES CARO**

*Ofrenda elegíaca dedicada a los doce esforzados pescadores de Foz, que con la esperanza de sacar del mar el jornal de cada día, han encontrado la muerte en dura brega marinera:*

**Escucho el son de una campana a muerto,  
oigo el ronco rugir del Aquilón,  
y el presagio que invade el corazón  
forma con ello teórico concierto.**

**Van las gentes ansiosas hacia el puerto,  
presas ya de recelo y decepción,  
murmurando entre dientes, la oración  
que haga la luz en el acaso incierto**

**Más, ni un punto se ve en la lontananza;  
que afán y que zozobra, cielo santo?.  
¡Ni un indicio que encienda la esperanza  
y calme tanta angustia y tanto llanto  
saciado su apetito y ya en bonanza  
el mar se queda sosegado en tanto.**

**¿A dónde anclasteis, pobres marineros,  
o en que fatal celada pericistéis?.  
Ay, que al intento de sondearla fuisteis  
de la hondura sin fondo prisioneros!**

**¡Qué nimbos obstruyeron, traicioneros,  
la asechanza en derredor no visteis;  
de vuestros caros deudos ¡ay!, no percibisteis  
el horror en sollozos lastimeros?.**

**A horror y espanto, sí, aún al ignaro  
conmueve la secuela de pesares,  
siguiente al drama infortunado y raro.  
Hoy sumidos en luto y desamparo  
doce hogares ven...¡tristes hogares!**

**¡Oh! Y aún decimos que el pescado es caro.  
Doce vidas, gran Dios, tributo fuerte!  
el abismo en su entraña consumió,  
y uno tan sólo, avaro, devolvió  
roto despojo de materia inerte.**

**Que aciago sino y que menguada suerte  
fue lo de la nao, que el Ábrego impelió  
y en aquella derrota presencié  
el sarcástico guiño de la muerte?**

**¡Por esos desdichados pescadores  
que hubieron cruel final en sus tareas  
del triste modo compendiado así**

**llora mi lira henchida de dolores.  
Lector piadoso que estos versos leas,  
un padrenuestro por sus almas di.**

**A terceira en ler un poema, foi María Luisa Oroza Maseda, dito poema é o composto por Olímpia Pérez Gómez, en 1995, co gallo do cincuenta aniversario do naufraxio.**

**“En el cincuenta aniversario del naufragio del**

**“JESÚS NAZARENO”**

**Trágico naufragio del “JESÚS NAZARENO”  
de aquel mes de JULIO que en Foz se lloró.  
El mar tenebroso sepultó en su seno  
DOCE marineros que, fiero, engulló.**

**DOCE pescadores curtidos, valientes  
volvían a casa logrado su afán,  
trayendo “el bonito” y darlo a sus gentes,  
tiernos y orgullosos de ganar su pan.**

**Al sano contento, hecha la faena  
precedió el desastre muy cerca de Foz,  
volcando su lancha suspiró la arena  
velas, viento y olas apagó su voz.**

**Eran duros tiempos de imbatible lucha.  
Nuestros marineros un digno plantel,  
de rostros morenos y experiencia ducha  
con medios arcaicos jugando la piel.**

**El mar, proceloso, cautiva y espanta.  
Bello, generoso, nos muestra su entraña  
nos da su riqueza, pero se levanta  
veleidoso siempre y, a veces, engaña.**

**Los saben los hombres que en él se estremecen.  
Sus vidas le entregan con gesto precoz.  
Las olas les cantan, arrullan y mecen  
más nunca se olvidan de que ¡si! Es atroz.**

**Vuelven a adorarlo si audaces embarcan  
a extraerle el fruto de su corazón,  
con zozobra insomne en vaivén arrancan  
sabroso alimento, llenos de ilusión.**

**Luctuosa historia del JESÚS NAZARENO  
mujeres marcadas de inmenso dolor.  
Familias tronchadas que este pueblo bueno  
hoy rinde homenaje con cálido amor.**

**Me han dicho: OLIMPITA “¿quieres ser la gota  
que vibre en el agua tan hondo pesar?”**

**¡Pues claro que quiero! La hermandad denota  
el dolor de un pueblo que vive en el mar.**

**A un pueblo que grita, “¡Oh que aciago día!”  
en claro homenaje de ardor popular  
puede darnos solo consuelo MARÍA  
siendo mes del Carmen ¿Podría fallar?.**

**¡Que ELLA nos transporte al puerto seguro  
que todos soñemos un día escalar.  
De mágico techo, de ingrátido muro  
que hacia ese refugio hay que navegar.**

#### **ESTE NAUFRAXIO SALVOU OUTRAS VIDAS**

**Pois si, poderíamos dicir que o naufraxio do Jesús Nazareno, salvou outras vidas dentro do malo.**

**Estou a falar da galerna do 12 ao 15 de xullo de 1961, dezaseis anos máis tarde, cando o Cantábrico se atixiu de loito. Como titulou o diario avilesino “El Comercio”, no cincuenta aniversario desta galerna, “*El día en que la mar enloqueció*”, e nunca mellor dito.**

**Morreron nesta galerna 83 mariñeiros, 36 deles do noso veciño concello de Viveiro, e 1 do veciño concello de Burela e desaparecieron 21 barcos.**

**En Foz, non houbo que laiar ningunha vítima, e segundo me contaron a min varios mariñeiros da época, que os mariñeiros de Foz, atendendo por radio ao Nembrudo que aconsellou deixarse ir á deriva cos motores a ralentí para que o barco non lle dera o costado ao mar, e así, ata que o señor mar se quixo calmar.**

#### **REMATAMOS**

**Como remate dicir, que recordando o titular do poema de Manuel Villamil Seijas, “Y AÚN DICEN QUE EL PESCADO ES CARO”, indiscutiblemente que ten toda a razón. O mar, a mar, os mares. Os mares tan misteriosos, cheos de ninfas e sereas onde Neptuno ten todo o poder. O mar dos misterios sen resolver, de grandes e pequenos naufraxios, mar de vida e morte á vez, precioso e horroroso ao tempo, ao que pola súa fermosura lle poderíamos facer un xuízo xusto, o mar non mata, só defende aos seus habitantes, pero aínda así, querido mar, poderoso mar, es moi cruel.**

#### **AGRADECEMENTOS:**

**Concello de Foz**

#### **COLABORACIÓNS:**

**Limiar: Antón Niño**

#### **APORTACIÓNS:**

**Jesús Durán (El Progreso)**

**Juan Niño e Xefa Fraga**



**Francisco Alonso (Paquito de Boni)**

**DOCUMENTACIÓN:**

**EL PROGRESO (Xornal do día 25 de xullo de 1945. Coleccionable Século XX e coleccionable “Crónica negra de Lugo”).**

**Libro “Foz, o mar e a súa xente” de Suso Fernández**

**Libro poemario “Ausencia presente” de Ramón José Fraga (Caxé)**

**Libro poemario “Foz en el recuerdo” de Olímpia Pérez**

**Xornal “Riberas del Eo” de 4 de agosto de 1945. Poema de Manuel Villamil**

**Jesús Bustamante**

**Luis Tornamira**

**Loli Fernández (do Cotarelo)**

**Investigación persoal con veciños de Foz**

**Supervisión texto: Ana Ainse.**

**FOTOS:**

**Toño Cuervo (Luanco – Asturias)**

**Víctor Cuervo (Luanco – Asturias)**

**Tito Aramendi (Candás – Carreño – Asturias)**

**Concello de Luanco (Asturias)**

**Concello de Carreño (Asturias)**

**Actuais e de arquivo, Xesús Basanta Martínez (Xesús do Breogán).**

**Antón Niño**

**PLANOS:**

**Museo Marítimo de Asturias**